

PROCEDEMENTO PARA MODIFICAR OS CONTRATOS DO PROGRAMA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL POSTDOCTORAL CARA A INTENSIFICACIÓN INVESTIGADORA DO PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR (CONSELLO DE GOBERNO DO 09/10/2017)

O Regulamento de profesorado da Universidade de Vigo, en aplicación do recollido no artigo 35 do II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, establece no seu artigo 31 apartado 2 que:

“O profesorado que ocupe unha praza de profesorado axudante doutor que, antes do remate do seu contrato reúna os requisitos legalmente establecidos, poderá solicitar a transformación da súa praza a unha de profesorado contratado doutor e a convocatoria do correspondente concurso. A praza ocuparáa interinamente a persoa interesada ata a resolución do concurso”.

A finais do ano 2014 a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegou á Universidade de Vigo un informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que impedía a contratación de profesorado contratado doutor fóra da oferta de emprego público anual, e que paralizou, polo tanto, a transformación das prazas recollida no regulamento de profesorado e no convenio colectivo.

O Consello de Goberno da Universidade de Vigo aprobou nos anos 2015, 2016 e 2017 a convocatoria para a contratación de persoal postdoctoral cara a intensificación investigadora do profesorado axudante doutor (PIPXD), coa intención de manter a vinculación dos colectivos de profesorado axudante doutor que fosen rematando os contratos nesa figura, complementando temporalmente a súa carreira académica.

A lei de orzamentos xerais do estado do ano 2017 contempla a posibilidade de dispoñer dunha taxa de reposición adicional para o 90% das prazas que, estando dotadas nos orzamentos, leven ocupadas ininterrompidamente desde o 31 de decembro de 2013. Isto supón, na práctica, a admisión da figura de profesorado contratado doutor interino polo que, a Universidade de Vigo, pode retomar o emprego da mesma e reactivar a transformación a profesorado contratado doutor interino.

PROCEDEMENTO

As persoas que se atopen contratadas como PIPXD así como aquelas que rematen o seu contrato como profesorado axudante doutor durante o curso 2017/18, poderán solicitar diante do departamento ao que pertencen a transformación da praza que ocupan nunha de profesorado contratado doutor interino (o modelo de solicitude está dispoñible en http://profesorado.uvigo.es/vicprof_gl/organizacion/impresos/).

Os departamentos, tras someter a aprobación do seu consello as anteditas transformacións, achegarán as solicitudes á **Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado (a través do rexistro xeral) antes do día 20 de outubro de 2017.**

A Comisión de Organización Académica e Profesorado, por delegación expresa do Consello de Goberno, analizará as solicitudes e aprobará a transformación e toda a tramitación daquelas solicitudes que cumpran os requisitos esixidos.